

**Programación Docente de PERCUSIÓN – INSTRUMENTO I-VIII**

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015 do 29 de outubro e polo decreto 171/2016 do 24 de Novembro).

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA		INSTRUMENTO								
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	PERCUSIÓN
CARÁCTER	B) Obligatoria								TIPO DE CLASES	INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO	PERCUSIÓN								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	CARLOS CASTRO ROIG
CURSOS	1.º curso	2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	CARLOS CASTRO ROIG	
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1.5
ETCS/ CUADRIMESTRE							10		Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	CARLOS CASTRO ROIG				carloscastroroig@mundo-r.com					
	JORGE CESAR PEREZ MESTRE				jorgeperez@csmvigo.com					

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 do 29 de outubro e no decreto 171/2016 do 24 de Novembro.

DESCRITOR	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e co Conxunto, permitindo que as tres se poidan complementar.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
XERAIS	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
ESPECÍFICAS	E11, E12, E14, E15, E16, E10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, capacidade de superación e rentabilidade..	T1, T2, T3, T6, T13, T15; X6, X8, X13, X21, X24; E1, E2, E4, E5.
2. Dominio das capacidades artística, musical e técnica, que permitan aborda a interpretación do repertorio.	T1, T2, T6, T13, T15, T17; X1, X3, X6, X8, X11, X13, X24; E1, E2, E4.
3. Equilibrar diferencias de nivel en canto a técnica dos diferentes instrumentos.	T6, T13, T15; X1, X3, X11, X13; E2, E4, E5, E6.
4. Observar a importancia da consciencia física e mental para unha interpretación de calidade, en aspectos como a relaxación, respiración, concentración e movemento	T6, T13, T15; X1, X3, X11, X13; E2, E4, E5, E6
5. Practicar a lectura a primeira vista nos diferentes instrumentos.	T1, T2, T3, T6, T13, T15; X6, X8, X13, X21, X24; E1, E2, E4, E5.
6. Desenvolver a esixencia de calidade sonora e adecuación tímbrica necesaria para cada obra.	T1, T3, T6, T13, T15; X3, X8, X24; E2, E6
7. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa cun repertorio de obras de dificultade adecuada a este nivel.	T1, T2, T3, T13, T15, T17; X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24; E1, E2, E3, E4, E5, E10.



4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. PRODUCCIÓN DO SON	1.1. Timbre ou combinación de timbres máis axeitados para cada instrumento, en relación coa obra. 1.2. Elección de baquetas, varíñas e diferentes utensilios para a produción do son axeitado en cada situación musical. 1.3. Relación entre a técnica e a obtención dun bo sonido.	4
2. ESTUDO DO REPERTORIO.	2.1. Análise das obras. 2.2. Técnica, fraseo, matices. 2.3. Audicións comparadas..	4
3. LECTURA Á PRIMEIRA VISTA.	3.1. Técnica da lectura. 3.2. Memorías: melódica/harmónica, muscular, aural. 3.3. Interpretación de fragmentos de progresiva dificultade.	3
4. AUDICIÓN PÚBLICA.	4.1.Preparación, organización e desenvolvemento	2
5. PEDAGOXÍA.	5.1. Técnicas de estudo, exercicios e pasos a desenvolver para a interpretación das obras. 5.2. Técnicas corporais para uns movementos eficaces e como prevención de lesións.	3
Total de sesións por cuadrimestre		16

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE		1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		OBSERVACIÓNS
								VII		
Presenciais	Clases prácticas							12		Revisión nos aspectos técnicos, formais, históricos, estilísticos ou artísticos no traballo realizado polo alumno.
	Audicións							2		Revisión da preparación, organización e desenvolvemento da audición. Opcións de presentación das obras no escenario. O alumno/a non poderá interpretar as obras sen o visto bo do titor.
	Titorías							2		
	Actividades complementarias e extraacadémicas							3		Asistencia a todas aquelas clases maxistras, conferencias, cursos ou seminarios relacionados coa especialidade e organizadas no centro. Escoita de audicións de diferentes intérpretes das obras estudadas e doutras de interese xeral para o alumnado. Asistencia ás masterclass englobadas no Programa Erasmus. Realizar audicións e concertos dentro e/ou fóra do centro.
	Actividades introductorias							3		
	Actividades de consolidación							3		
Non presenciais	Traballo persoal							275		Estudo persoal das obras e os exercicios técnicos a interpretar de acordo cos parámetros propostos. Análise formal, harmónico e estilístico do repertorio a interpretar. Elaboración do traballo escrito.
Total de horas cuadrimestrais								300		

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continúa)			
Traballo persoal	Participación na clase, calidade do estudo, implicación no progresivo desenvolvemento da capacidade crítica e autonomía interpretativa, participación nas actividades complementarias e extraacadémicas.	TODAS	40%
Audición pública	Preparación, organización e desenvolvemento da audición. Calidade técnica e interpretativa.	TODAS	50%
Traballo escrito	Presentación escrita ou oral de traballos sobre os contidos da materia.	TODAS	10%



*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)

Traballo persoal	Participación na clase, calidade do estudo, implicación no progresivo desenvolvemento da capacidade crítica e autonomía interpretativa, participación nas actividades complementarias e extraacadémicas.	TODAS	40%
Audición pública	Preparación, organización e desenvolvemento da audición. Calidade técnica e interpretativa.	TODAS	50%
Traballo escrito	Presentación escrita ou oral de traballos sobre os contidos da materia.	TODAS	10%

AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)

Traballo escrito	Presentación escrita ou oral de traballos sobre os contidos da materia.	TODAS	10%
Audición pública	Preparación, organización e desenvolvemento da audición. Calidade técnica e interpretativa.	TODAS	90%
Audición Pública * (no caso de non pedir o traballo)	Preparación, organización e desenvolvemento da audición. Calidade técnica e interpretativa.	TODAS	100%

EXTRAORDINARIA

Traballo escrito	Presentación escrita ou oral de traballos sobre os contidos da materia.	TODAS	10%
Audición pública	Preparación, organización e desenvolvemento da audición. Calidade técnica e interpretativa.	TODAS	90%
Audición Pública * (no caso de non pedir o traballo)	Preparación, organización e desenvolvemento da audición. Calidade técnica e interpretativa.	TODAS	100%

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.

8. Bibliografía, materiais e documentos

- Stevens, L.H. - Method of Movement
- Peters, M. - Advanced Snare Drum Studies
- Friedman, D. - Etudes for Dampening & Pedaling.
- Fink, S. - Snare Drum Studies
- Woud, N. - Etudes for Tympani
- Udow, M. & Watts, C. - 50 Multipercussion Solos
- Ramada, M. (2000). Atlas de la Percusión. Rivera Editores.
- Cucciardi, F. (2000). La Batería Acústica. Rivera Editores.